

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Os alcaldes e alcaldesas das Pontes, Ferrol, Pontedeume, Neda, Mugardos, Ortigueira, Cedeira, Cerdido, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Fene, Cariño, Valdoviño, Moeche, Cabanas, Ares, Narón, Miño, Monfero, Mañón, Muras, Xermade, Vilalba e Viveiro, integrados nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña Occidental, diante da circunstancia que se está a vivir de EMERXENCIA INDUSTRIAL (coa situación de Endesa, Alcoa, Navantia, Gamesa, Poligal, Reganosa, etcétera), que pode arrastrar a miles de traballadores e traballadoras e a todo un tecido empresarial vinculado ao sector industrial, que xa leva perdido miles de empregos nos últimos anos (10.000 no naval, 2.700 en Endesa, 400 en Gamesa, 200 en Conservas La Jira e 150 en Pizarras Campo), EXPRESAN a súa profunda preocupación por esta situación.

Así mesmo, estas comarcas arrastran un déficit importante tanto en materia de infraestruturas ferroviarias e viarias, imprescindibles para acompañar esta aposta pola rexeneración industrial, como no referido ao impacto do prezo da enerxía e o grave despoboamento.

Por todo isto, INSTAN CON URXENCIA ás administracións con competencia en industria, é dicir, o Ministerio de Industria e a Consellería de Economía e Industria, a acometer unha INICIATIVA CONXUNTA DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E CAPTACIÓN INDUSTRIAL nestas comarcas, que fomente a política industrial nos sectores do naval, a enerxía, a fibra de madeira, a transformación do sector primario (agropecuario, forestal e pesqueiro), o metalúrxico e o tecnolóxico, así como o aproveitamento de todas as potencialidades existentes nestas comarcas.

Para trasladar esta problemática, solicitan as correspondentes entrevistas cos ministerios de Industria e de Fomento, e coas consellerías de Economía, Emprego e Industria e de Infraestruturas e Mobilidade.

Asinado polos alcaldes de:

Concello das Pontes	Concello de Ferrol	Concello de Pontedeume	Concello de Neda	Concello de Mugardos
Concello de Ortigueira	Concello de Cedeira	Concello de Cerdido	Concello da Capela	Concello das Somozas
Concello de San Sadurniño	Concello de Fene	Concello de Cariño	Concello de Valdoviño	Concello de Moeche
Concello de Cabanas	Concello de Ares	Concello de Narón	Concello de Miño	Concello de Monfero
Concello de Mañón	Concello de Muras	Concello de Xermade	Concello de Vilalba	Concello de Viveiro